

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC / Val Portásio (foto de portada)

D.L.: C-826-06

O PROGRAMA CREATIVA PRODUCE NA ILLA DE SAN SIMÓN O 14 DE MAIO O CONCERTO MULTIMEDIA "CORES DO ATLÁNTICO"

O RECITAL CONXUNTO DE SOCORRO LIRA, MARGARETH MENEZES, JOÃO AFONSO, TERESA PAIVA, ENEIDA MARTA E UXÍA SERÁ TRANSMITIDO A TRAVÉS DA INTERNET

A EDICIÓN DUN LIBRO-DISCO, UNHA EXPOSICIÓN E CATRO *SHOWCASES* COMPLETAN ESTE PROXECTO PARA A DIFUSIÓN DAS CANTIGAS DE AMIGO GALEGO-PORTUGUESAS

O programa CREATIVA, que promoven conxuntamente a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura e Turismo e a Rexión Norte de Portugal, levará a cabo o vindeiro 14 de maio na illa de San Simón o concerto *Cores do Atlántico*, un evento eminentemente musical e multimedia no que actuarán os artistas Socorro Lira, Margareth Menezes, João Afonso, Teresa Paiva, Eneida Marta e Uxía. Coa reivindicación das cantigas de amigo como parte esencial do patrimonio galego-portugués, o recital, que poderán seguir en directo un máximo de 150 persoas, será transmitido para todo o mundo en tempo real por internet, a través da web www.coresdoatlantico.com.

SUMARIO

- [1-5] AGADIC
 - [5] > Centro Coreográfico Galego
- [6-8] > Centro Dramático Galego
 - [8] > Escola de Altos Estudos Musicais
- [8] NOVIDADES EDITORIAIS
- [9-10] ALERTA!
- [11] E_SCENA EN CIFRAS



navega por e_scena pinchando nas frechas, no índice e nos enderezos web

O PROGRAMA CREATIVA PRODUCE NA ILLA DE SAN SIMÓN O 14 DE MAIO O CONCERTO MULTIMEDIA "CORES DO ATLÁNTICO"

Máis ca un concerto, será un acontecemento multimedia sen precedentes

vén da páx. anterior

O concerto é o eixe central de *Cores do Atlántico*, unha produción que abrangue tamén a edición dun libro-disco do mesmo título, unha exposición específica do artista lucense Quique Bordell e catro *showcases* promocionais noutras tantas vilas do sur de Galicia e do norte de Portugal. A iniciativa será unha das actividades centrais de CREATIVA 2010, un programa que conta coa financiación a cargo dos fondos FEDER da UE e pertencente ao Programa Europeo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal.

Acontecemento multimedia

Máis ca un concerto, *Cores do Atlántico* será un acontecemento multimedia sen precedentes, no que á singularidade e recoñecemento dos músicos participantes hai que sumar a presentación que realizará Xoán Curiel e a proxeción de varios vídeos testimoniais sobre distintos aspectos da filosofía de proxecto como medio de difusión actual da lírica medieval galego-portuguesa. Dará comezo ás 20:15 h e serán 75 minutos de música en directo para o



Cida Moreira



Eneida Marta



Uxía

disfrute dos espectadores presentes e de todos os internautas.

O público convidado que asistirá ao concerto poderá vivir ademais unha experiencia única, xa que o traslado ao auditorio do Campo das Alocucións supón unha viaxe cultural pola ría de Vigo, co acompañamento e explicación a cargo de guías-actores desde o momento do embarque ata a chegada á illa, así como un percorrido pola mesma amenizado por malabares e zancudos.

Libro-disco

O libro-disco *Cores do Atlántico* é un traballo divulgativo-musical sobre as cantigas de amigo que ofrece unha nova perspectiva do xénero máis autóctono da nosa lírica medieval, desde unha dobre dimensión: a interpretación teórica da catedrática holandesa Ría Lemaire Mertens e a interpretación musical da cantautora brasileira Socorro Lira. O proxecto nace no ano 2006 co inicio da súa investigación sobre as cantigas de amigo paralelísticas para a edición dun CD con versións cantadas dalgúns dos textos conservados. A publicación fíxose en formato libro-

disco en galego e portugués, por parte do colectivo pontevedrés Ponte...nas ondas! e a discográfica PAI Música co patrocinio de CREATIVA.

A argumentación teórica sobre a orixe dunha tradición oral sustentada por mulleres é unha tese defendida por Lemaire, especialista en literatura medieval en linguas románicas e doutora pola universidade de Utrech.

No enfoque musical, Socorro Lira aborda unha lectura contemporánea da melodía das cantigas integrando as sonoridades galegas, portuguesas, africanas e, especialmente, brasileiras; espazos que comparten o patrimonio cultural da lírica galego-portuguesa. Dende os ritmos brasileiros como a ciranda, o samba, o batuque, o baião, o congo, o aboio ou a toada nordestina, interprétanse as cantigas de amigo dunha forma transgresora e ao mesmo tempo harmoniosa. Arranxado por Jorge Ribas, *Cores do Atlántico* integra as sonoridades de tres continentes unidos por un patrimonio común: a lírica das cantigas de amigo galego-portuguesas. Desde o Brasil, a compositora e cantora Socorro Lira reúne voces tradicionais como as das Cirandeiras de Caiana de Crioulos xunto as colaboracións

de Margareth Menezes-a Maga e Cida Moreira. Desde África, a guineana Eneida Marta achega a súa cálida voz asociada aos ritmos de Guiné Bissau como o Gumbé, a Morna ou a Singa. João Afonso e Teresa Paiva introducen a expresión portuguesa e a sonoridade da gaitreira do Porto. En Galicia, son as voces de Leilía e Uxía as que recrean as cantigas que noutrora cantaron as mulleres neste territorio de orixe da lírica medieval galego-portuguesa.



João Afonso



Socorro Lira

Exposición e showcases

Pola súa banda, o artista luscense Quique Bordell fai a súa achega plástica con ilustracións que combinan o *collage* e a sobre-impresión, nunha proposta vangardista sobre as letras das cantigas de amigo. Quique Bordell é unha das referencias artísticas máis interesantes do panorama da arte galega moderna e a súa obra ten sido relacionada coa de Tápies ou coa do mestre Dubuffet.

A ermida da illa de San Simón acollerá o mesmo día 14 de maio a exposición desta serie de láminas. O seu contido poderá tamén ser visualizado a través da internet, xa que a transmisión do evento e de todo canto se desenvolva na illa dará comezo xa a partir das 19:30 horas.

Os *showcases* desenvolveranse o 9 de maio en Valença de Minho (Praza da Cámara Municipal), o 11 de maio en Ourense (Xardíns do Padre Feixóo), o 15 de maio en Salceda de Caselas (Praza do Concello) e o 16 de maio en Vigo (no Verbum). Estas catro localidades acollerán cadansúa acción promocional sobre o produción *Cores do Atlántico*. En emprazamentos ao aire libre, Socorro Lira, autora das músicas do CD, acompañada de tres músicos brasileiros e varios actores de animación, interpretará algúns dos temas incluídos no traballo discográfico.

+info en

www.coresdoatlantico.com
e www.creativacultural.com

A REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO ESTREA PROGRAMACIÓN FESTIVAL

A programación da Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV) esténdese este ano ao verán cunha programación que, por primeira vez desde a súa creación en 2007, inclúe concertos en xullo e agosto. En total serán 30 os recitais que, protagonizados por 24 solistas e grupos de moi diferentes estilos, terán lugar durante os dous meses en 17 salas de toda Galicia.

A Agadic, que promove este circuíto en colaboración coa Asociación de Salas de Música ao Vivo Clubtura, achega este ano un orzamento de máis de 208.000 euros á programación das 470 actuacións que conforman a carteleira de 2010, na que figuran 43 locais e 85 grupos –un 92% deles galegos– con estilos que van dende o pop e rock ata o *blues* ou a música electrónica.

Esta variedade na oferta percíbese tamén na nova entrega da

revista *Ao Vivo Música*, centrada na promoción da música galega e distribuída de xeito gratuito a través das salas que integran a RGMV. O número 6 desta publicación cuatrimestral, editada pola Agadic, dedica a súa portada ao agora cuarteto Triángulo de Amor Bizarro e *Año santo*, o seu segundo traballo discográfico.

Outra das reportaxes destacadas achéganos unha escolma dos festivais e outras citas musicais que se celebrarán este verán en Galicia, moitos deles enmarcados dentro da programación do Xacobeo 2010, mentres que a música tradicional está representada por bOnOvO e Anxo Lorenzo. Así mesmo, entre as seccións habituais da revista, “A máquina do tempo” rende tributo a Rádio Océano, pioneiros do punk e rock en Galicia, e “A sala” visita o Pub Gatos de Melide.

+ info en

www.galiciamovese.xunta.es
e www.musicaovivo.info



PROGRAMACIÓN

A AGADIC ASINA UN INTERCAMBIO DE ESPECTÁCULOS CO FITEI DE PORTO

A Agadic e o Festival Internacional de Expresao Ibérica de Porto (Portugal) asinaron un acordo de intercambio artístico para dous espectáculos, en virtude do cal o Salón Teatro acollerá o 3 de xuño unha función da obra *A descuberta das Américas*, da agrupación brasileira Leões de Circo; en tanto que a compañía de danza galega Entremáns amosará a súa última produción, *Concerto Desconcerto*, no marco do FITEI, o día 2 de xuño no Palacio da Bolsa de Porto.

A descuberta das Américas é un monólogo de Dario Fo interpretado por Júlío Adrião que conta a historia dun malandro italiano que vai parar ás embarcacións guiadas por Cristóbal Colón na conquista de América.

A obra desenvólvese usando técnicas que lembran a *commedia dell'arte*, o clown e o teatro de rúa.

Concerto Desconcerto, peza coproducida polo Centro Coreográfico Galego en 2009 con dirección artística de Alexis Fernández, conta co asesoramento na produción musical de Mercedes Peón e a interpretación a cargo de Alexis Fernández, Kirenía Martínez, Armando Martén e Caterina Varela. A proposta xoga coa intervención activa do público, ao que traslada sensacións non só mediante o movemento, senón a través do especial espazo sonoro que presenta e outras percepcións visuais e olfactivas.

AUDIOVISUAL

A AGADIC APOIA A TRAVÉS DE CREATIVA A PRESENZA PORTUGUESA NO FESTIVAL DE CANS

Despois da súa participación no festival de documentais audiovisuais Play-doc de Tui, o proxecto CREATIVA da Agadic colabora agora coa sétima edición do Festival de Cans –que se desenvolve nesa aldea do Porriño (Pontevedra) do 19 ao 22 de maio– como unha achega máis para a intercomunicación das industrias culturais galegas coas no norte de Portugal.

Patrocínanse en concreto parte dos programas “Cans na raia”, que estende o seu ámbito do audiovisual á música e ás artes plásticas, disciplinas nas que

traballan os novos creadores galegos e lusos; e tamén a sección “Audiovisual de alí (e de aquí)”, na que se proxectará unha selección de videoclips e curtas seleccionadas polo Festival Internacional de Cinema de Vila do Conde. Trátase dos títulos *A Cor Negra*, Paulo Sousa e Silvino Fernandes (2004), *A Meio da Noite*, Fernando Saraiva (2008), *Annual Report*, Cristina Braga (2007), *Melodia Amarga*, Pedro Moura (2008) e *História Trágica Com Final Feliz*, Regina Pessoa (2005).

Ademais, dentro do apartado “Cine na raia”, o venres 21 presentárase o avance exclusivo dalgúns dos traballos que se están a coproducir entre Galicia e o Norte de Portugal: Chelo Loureiro presenta *As aventu-*

ras de Xoán Sen Medo (Abano Films); Xosé Zapata presenta *Sardinha em lata* (IB Cinema) e Eloy Enciso presenta *Arraianos* (IB Cinema).

A estes programas específicos hai que engadir a presenza de Portugal nas diferentes seccións de curtas do festival; unha ampla mostra de músicas (Bombos e charangas, Rock’n’Road, etc.) das dúas beiras; así como a realización da denominada “Can Parede”, na que a imaxe do Festival de Cans, o Can de Cans, é intervido por artistas plásticos emerxentes, e á que están convocados creadores da comarca de Louriña e da zona de Vilanova da Cerveira.

+ info en www.festivaldecans.com



Imaxe da presentación de Cans 2010

FORMACIÓN

ELISEO PARRA, DAVID MAYORAL E CARLOS BECEIRO IMPARTIRÁN AS NOVAS MASTER CLASS DE MÚSICA TRADICIONAL DA AGADIC

A Agadic organiza un novo ciclo de tres clases maxistrais de música tradicional, que serán impartidas polos mestres Eliseo Parra, David Mayoral e Carlos Beceiro en distintas datas de maio e xuño na Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela. Nesta segunda edición desta iniciativa pedagóxica abordaranse contidos como distintos aspectos da percusión en relación co baile popular e afondarase en instrumentos como a guitarra, o bouzouki e a mandolina.

A primeira *master class* desenvolverase durante os días 26 e 27 de maio baixo o título «A necesidade de cantar», e correrá a cargo de Eliseo Parra (na imaxe). Nela, tratarase a percusión como acompañamento do canto e do baile, ensinando a técnica e a maneira de tocar instrumentos tradicionais tales como o pandeiro cadrado, as pandeiretas, o almirez, o triángulo, a cana de bambú, as palmas, etc.; en combinación cos ritmos tradicionais da península ibérica e das illas: seguidillas, jotas, fandangos, corridos, etc.

Nas mesmas datas ca anterior, David Mayoral impartirá a clase maxistral «Percusións do Medi-

terráneo», centrándose en tres das familias máis comúns e estendidas dos instrumentos de percusión do Mediterráneo: os pandeiros (bendir, tar, tof, def...), as pandeiretas (req, defi, mazhar...) e os tamboriles de copa (darbuka, doumbeck, táboa exipcia...). Mayoral fará un percorrido que abranguerá desde as técnicas máis básicas até as máis modernas, pasando polos procedementos de ornamentación rítmicos máis complexos.

A última das citas programadas é o «Curso de guitarra/bouzouki/mandolina», no que participará como mestre Carlos Beceiro.

Este encontro, que terá lugar os días 4 e 5 de xuño, permitirá a aprendizaxe de afinacións alternativas, formación de acordes, acompañamento de música tradicional, melodías de gaita adaptadas a guitarra, bouzouki, etc.

Cada master class ofrece un total de 12 horas lectivas para un máximo de 15 alumnos, que deberán achegar os seus pro-

prios instrumentos como requisito de participación. O prezo da matrícula é de 50 euros. Os interesados, que poden ser músicos xa profesionais ou estudantes de escolas de música e conservatorios, teñen a posibilidade de realizar a inscrición *on-line* na páxina web.

+ info en www.masterclassde-musicatradicional.info



Eliseo Parra



David Mayoral



Carlos Beceiro

SUBVENCIÓNS

A AGADIC DESTINA 4.980.000 EUROS ÁS AXUDAS PARA PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) acaba de convocar as súas axudas á produción e coprodución de longametraxes para cine e televisión por un importe total de 4.980.000 euros, cifra que supón un incremento de 130.000 euros respecto da dotación reservada en 2009. A entidade da Consellería de Cultura e Turismo completa así o seu programa de subvencións ao audiovisual galego para 2010, no que se inclúen outras cinco modalidades xa convocadas entre os meses de marzo e abril.

En total, a Agadic destinará 7.060.000 euros ás súas liñas de apoio a este sector, de xeito que, a pesar dos reaxustes orzamentarios, consegue aumentar en 160.000 euros a contía global convocada o ano pasado (6.900.000 euros).

No caso das axudas para producións e coproducións audiovisuais, as de maior orzamento das seis publicadas, establécense varias categorías de proxectos que deben ser presentados por produtoras independentes: longametraxes (cinematográficas de animación, ficción ou documental), opera prima ou segundas longametraxes, películas para televisión e longametraxes documentais (de creación ou de difusión

cultural). Como criterio común, todas as propostas deberán ser realizadas en lingua galega cun decidido contido artístico e cultural.

Segundo establecen as bases publicadas no Diario Oficial de Galicia o 7 de maio, estas subvencións poderán solicitarse ata o 7 de xuño, inclusive. Ademais, este mes de maio expira o prazo de presentación noutras tres liñas de axuda: desenvolvemento e produción de contidos interactivos (ata o día 8), desenvolvemento de proxectos audiovisuais (día 20) e creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego (día 24).

Por último, as axudas para a amortización dos custos de produción manterán aberto o seu período de solicitude ata o 15 de setembro, tendo en conta que a súa concesión é automática ata esgotar a dotación reservada de 800.000 euros. As axudas á produción de curtametraxes remataron o prazo a finais de abril.

+ info en www.agadic.info

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO [CCG]

A COPRODUCCIÓN “OVAY” REPRESENTÁSE EN TRES ESCENARIOS DE XORDANIA

Ovay, o espectáculo coproducido en 2009 como debut da compañía de danza Quique Peón e realizado en coprodución co Centro Coreográfico Galego, leva a cabo unha serie de representacións a principios de maio en Xordania, en virtude dun acordo acadado co Instituto Cervantes e os seus centros asociados no reino hachemita. Desenvolveranse en total 3 funcións, que terán lugar o día 3 no Free Theatre Festival de Amman, o 5 no Centro Cultural Rey Abdullah II de Zarqa e o 6 de maio tamén en Amman, pero desta volta no Gran Teatro da Universidade da capital xordana.

O público das devanditas cidades poderá disfrutar dunha montaxe creada, dirixida e interpretada por Quique Peón, na que palpan múltiples referencias e evocacións ao baile popular galego, aínda que amosadas cunha particular estética e cun tratamento formal que se introduce nas formas da danza contemporánea. Así, o proceso de traballo previo realizado por Peón partiu dun repertorio estritamente tradicional



–extraído dos seus arquivos e de materiais de investigación etnográfica persoais– para culminar na expresión e na filosofía da danza actual.

En *Ovay*, adóptase como título unha voz da antiga xerga dos canteiros para explorar as catro estacións do camiño da vida e os catro puntos cardinais da alma. Isto plásmase mediante melodías e movementos que se distribúen no espectáculo de xeito xeográfico –atendendo ao Leste, o Sur, o Norte e o Oeste de Galicia–, o que conforma o eixo conceptual da proposta.

O propio creador interpreta en solitario esta peza, na que xoga un papel destacado a música da gaita, o acordeón,

a zanfona, a requinta e outros instrumentos de percusión executados en directo por Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero. As achegas do propio Romero na dirección musical, do coreógrafo Erick Jiménez como asesor en danza contemporánea, de Baltasar Patiño no deseño de iluminación, de Roberto Magro na dramaturxia e de Cloti Vaello no deseño de vestiario completan a relación de colaboracións artísticas reunidas para a montaxe.

+ info en www.quiquepeon.com

COMEZAN OS ENSAIOS DE "ETHÈRIA. A VIAXE SOÑADA"

Os doce bailaríns e bailarinas seleccionados para a próxima produción do Centro Coreográfico Galego, *Ethèria. A viaxe soñada*, comezaron o luns 3 de maio os ensaios baixo a dirección da coreógrafa coruñesa Mercedes Suárez cara á estrea do espectáculo o próximo verán.

Ariel Gastón Álvarez Caramés, Miguel Ángel Bolo Oltra, Elena Chamorro Rodríguez, Beatriz Garrido López, Núria Giménez Villarroja, Juan Miguel Hernandez Delgado, Àstrid Molinero Muns, Miguel Ángel Ponte Mosteiro, Pastor Rodríguez Feal, Irene Rubio Martínez, Carlos Ugarriza Crespo e Fátima Fernández Rodríguez conforman o corpo de baile que foi seleccio-



Probos de selección
(foto: JOSÉ RAMÓN BUGLIOT)

nado de entre os 72 aspirantes chegados de sete países que participaron nas audicións celebradas a finais do mes de marzo na Coruña.

Nos vindeiros meses, os 12 membros do elenco traballarán de xeito intensivo xunto con

Mercedes Suárez e o equipo artístico e técnico do CCG no desenvolvemento do que será a cuarta produción da unidade de danza da Agadic, que evocará por medio da danza, a música e a imaxe o periplo da protagonista, unha relixiosa galega no século IV, na súa peregrinación de retorno desde Xerusalén até Compostela.

As xornadas de ensaios comezarán cunha clase de danza clásica para continuar, tras un pequeno descanso, co traballo coreográfico específico de *Ethèria. A viaxe soñada*.

O NOVO PLAN DE FORMACIÓN OFRECE ATA DECEMBRO 10 CURSOS DE DISTINTAS DISCIPLINAS

O CCG iniciou o programa de formación para este ano con diferentes actividades pedagóxicas, dirixidas tanto aos profesionais da danza como a estudantes. Será un total de 10 cursos os que se impartan en 2010, aos que haberá que sumar as accións que se organizarán en paralelo ao proceso de produción e distribución do próximo espectáculo do CCG: *Ethèria. A viaxe soñada*, da coreógrafa Mercedes Suárez.

O ciclo de *master class*, que deu comezo o pasado 26 de abril cunha serie de cinco sesións impartidas polo mestre francés Hervé Ilari, continuou a primeira semana de maio con tres clases maxistras de danza clásica a cargo da profesora do Conservatorio Profesional de Danza de Lugo Olga Cristina Ruiz Pérez (3 de maio), do mestre madrileño Raúl Moreno (5 de maio) e do director do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña, Luciano Gómez (7 de maio), así como con dúas de danza contemporánea dirixidas

polos profesores Bárbara Monteagudo (4 de maio) e Armando Martén (6 de maio).

Tamén para mestres

O programa formativo inclúe, así mesmo, unha serie de catro obradoiros sobre distintas áreas da danza que terán lugar entre os meses de setembro e decembro da man dos profesores Ana Abad Carlès, Calixto Albán Laxe, Raúl Moreno e Roberto Beceiro Vilar. O primeiro deles será o Taller para Profesores que impartirá a historiadora e coreógrafa aragonesa Ana Abad do 13 ao 17 de setembro. Este curso, pensado para un máximo de 25 participantes, estruturarase en catro módulos a través dos que se ofrecerá unha aproximación histórica ao repertorio actual e se afondará en cuestións estilísticas, na formación de profesores e nos retos da educación de profesionais da danza, contidos que se complementarán con senllas conferencias nos conservatorios profesionais de danza da Coruña (15 de setembro) e de Lugo (16 de setembro).

Xa en novembro, entre os días 8 e 12 celebrarase o Taller de Danza Tradicional Galega, no

que o mestre pontevedrés Calixto Albán analizará este tipo de baile como expresión cultural do país, así como outros aspectos relacionados (a música e os traxes tradicionais, entre eles). A continuación, o bailarín e coreógrafo madrileño Raúl Moreno encargárase do Taller de Partenaire para bailaríns e bailarinas de calquera disciplina, que se desenvolverá entre o 22 e o 26 de novembro centrarse na técnica do *Pas de deux* cunha orientación neoclásica e nos conceptos básicos do seu uso contemporáneo.

O músico ferrolán Roberto Beceiro, pianista do Centro Coreográfico Galego, impartirá o último dos obradoiros inseridos no programa formativo de 2010: un taller de acompañamento musical dirixido tanto a profesores de danza como a pianistas acompañantes. O curso, que terá lugar do 13 ao 17 de decembro, ofrecerá un achegamento ao repertorio para clases de danza clásica, abordando os diferentes estilos de música posibles.

+ info en
www.centrocoreografico.org



Probos de selección
(foto: JOSÉ RAMÓN BUGLIOT)



Blanca Cendán e Roberto Varela
(FOTO: CONCHI COSTAS)

BLANCA CENDÁN INCORPÓRASE COMO DIRECTORA AO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

A actriz Blanca Cendán incorporouse o pasado 28 de abril ao seu posto de directora do Centro Dramático Galego. anunciou, na súa primeira comparecencia pública, que o espectáculo *Salomé*, a partir da obra de Oscar Wilde, abrirá a próxima temporada 2010-2011 como produción propia do Centro.

Canto á xestión interna da entidade, a directora avanzou que nestes momentos se está a con-

figurar a composición dun novo consello de asesores que actuará como órgano consultivo e no que non só haberá representación do ámbito teatral, senón tamén doutros sectores da cultura.

No apartado de produción, Cendán adiantou que o repertorio do CDG abrirase ao teatro musical e ao teatro de rúa, dous xéneros con escasa presenza na historia do teatro institucional en Galicia e a través dos que se desenvolverán novas vías de captación

de público. Asemade, o teatro contemporáneo ocupará un lugar destacado grazas á incorporación tanto de novos autores como de novos directores.

O Centro Dramático Galego continuará producindo espectáculos con dirección galega e tamén abrirá as portas a directores convidados, sempre de recoñecida traxectoria no ámbito estatal e internacional, que achegarán a súa experiencia aos profesionais galegos ao tempo que comprobarán de primeira man a calidade dos nosos actores, actrices e demais integrantes dos equipos técni-

cos e artísticos cara á apertura de futuras vías de colaboración profesional.

Potenciar as coproducións

Sen desbotar outras dinámicas de traballo xa asentadas, a nova responsable da entidade manifestou a súa intención de potenciar o actual sistema de coproducións, incrementando as dotacións para cada proxecto seleccionado e apoiando unha maior distribución fóra de Galicia baixo o "selo CDG" como garantía dun maior nivel de calidade e excelencia artística.

Tamén fixo referencia ao plano formativo, que se articulará en torno a dous eixes principais. Dunha banda, o "traballo dende a base", estreitando liñas de colaboración coas escolas e centros de formación en moi diferentes disciplinas escénicas: teatro, danza, circo, *performance*, etc. Doutra, a organización directa e específica de programas pedagóxicos. Neste apartado, farase fincapé na optimización de recursos, de xeito que se desenvolverán diferentes accións formativas asociadas ás producións da compañía pública ou en coincidencia coa visita a Galicia de destacados mestres ou profesionais da escena a nivel internacional.

O SALÓN TEATRO EXHIBIRÁ EN MAIO SEIS FUNCIÓNS TEATRAIS E DOUS CONCERTOS

A montaxe da compañía galega EME2 Emoción&Arte *Sexo? Por que non?* inicia a programación de maio do Salón Teatro de Santiago de Compostela como primeira entrega dunha variada carteleira que dá cabida a un total de seis funcións teatrais e dous concertos.

Con Mercedes Castro sobre as táboas e baixo a dirección de Álvaro Lavín, *Sexo? Por que non?* é unha divertida comedia que amosa situacións cotiás en torno ao encontro carnal e ao pouco que del sabemos na sociedade occidental. Haberá dúas funcións: o sábado 8 e o domingo 9.

Días despois (22 e 23 de maio), a compañía madrileña Kamikaze Producciones presentará a súa primeira produción teatral, *La función por hacer*, unha adaptación libre de Miguel del Arco e Aitor Tejada da obra de Luigi Pirandello *Seis personaxes en busca de autor*. A montaxe, pasa por ser unha das revelacións da actual temporada a nivel estatal, desenvolve unha posta en escena moi especial na que se sitúa en primeiro plano a interacción coas únicas 80 persoas que conforman todo o público posible en cada pase.

O sábado 29 e o domingo 30 será a quenda da montaxe de K Producciones *La charca in-*

útil, escrita por David Desola e dirixida por Roberto Cerdá. O texto, galardoado co Premio Lope de Vega de Teatro en 2007, é un drama sobre a violencia nas aulas onde os personaxes mostran o seu desencanto pola crúa realidade da sociedade actual.

Programa musical

Desenvolverase tamén unha nova cita coa música de vangarda inserida na programación da extensión en Santiago do Festival Sinsal, a cargo da cantautora Vashti Bunyan. Ademais, o xoves 20 terá lugar a actuación da cantante galego-arxentina Lorena Lores, que presentará *Dúas Beiras*, un espectáculo no que, por medio da música e da danza, amosa a cultura das dúas beiras do Atlántico, a galega e a riopratense.

O Salón Teatro converterase do luns 24 ao xoves 27 en sala de cinema para acoller parte das



Vashti Bunyan

proxeccións do Festival Internacional de Curtametraxes "Curtocircuíto" e cederá tamén o seu escenario para a celebración da Mostra Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela, que terá lugar entre o luns 31 de maio e o domingo 6 de xuño.



PORTÉGAL OFRECE UN SEMINARIO SOBRE O SISTEMA DE SON ROLAND M400, M-48 E DIGITAL SNAKE

Portegal, o portal dos técnicos de escena de Galicia en internet, organiza o vindeiro 11 de maio no Salón Teatro de Santiago un seminario sobre o sistema dixital de mesturas de son conformado pola mesa Roland M400 e as unidades M-48 e Digital Snake. O encontro, que conta coa colaboración do Centro Dramático Galego e da firma Roland, dirixese a técnicos de son, tanto de teatro como de todo tipo de espectáculos, cunha finalidade eminentemente práctica.

Contarase, así mesmo, coa participación do grupo compostelán Cool Hamster para realizar as probas do equipo tras un primeiro achegamento ás súas principais características. Así, a sesión de mañá centrarase na descrición do sistema, o deseño nun contorno dixital e o manexo do sinal vía rede e na análise do “patch” básico e avanzado con M-48, así como das súas distintas aplicacións, para rematar cunha práctica de sincronía dunha rede básica composta pola mesa M400, ordenador e portátil. Xa pola tarde e cos Cool Hamster sobre o escenario, os participantes terán a oportunidade de comprobar o funcionamento do equipo durante as actuacións en vivo.

Os profesionais interesados en asistir ao seminario poden anotarse e solicitar máis información a través do foro de Portegal na web <http://portegal.es/wsnforum/noticias-eventos/>.

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS [EAEM]



ERIC TERWILLIGER IMPARTE UN CURSO DE TROMPA E ENSAMBLE DE VENTOS DO 10 AO 14 DE MAIO

O prestixioso solista norteamericano Eric Terwilliger impartirá, do 10 ao 14 de maio na Escola de Altos Estudos Musicais, un curso de trompa e *ensemble* de ventos, dentro das actividades da sección de formación permanente. O curso poderá ser seguido por un total de 6 alumnos activos e un número ilimitado de oíntes.

Nado en Bloomington (EE. UU.), Eric Terwilliger é un dos máis prestixiosos trompas solistas dos nosos días. Durante máis de trinta anos foíno da Orquestra Filharmónica de Múnic, cargo que actualmente desempeña na Orquestra Sinfónica da Radio de

Baviera. Tras ser galardoado en 1976 coa Medalla de Prata no Concurso de Xenebra (Suíza) e en 1981 co Primeiro Premio do II Concurso Internacional de Trompa de Lieja (Bélxica), Eric Terwilliger marca o inicio dunha carreira que o leva a actuar como solista xunto a orquestras de renome, como a Filharmónica de Viena, Filharmónica de Múnic, Filharmónica de Berlín e grupos de cámara como a Viena Chamber Ensemble ou Viena Wind Octett. Tamén foi convidado a participar en importantes festivais: Salsburgo, Viena, Ravenna, Lucerna... e actuou en calidade de solista en numerosos países de Europa, América, América Latina, Asia e África. Eric Terwilliger foi durante anos catedrático de Trompa da Universidade Gutenberg de Mainz (Alemaña), cargo que actualmente desempeña no Conservatorio Superior Richard Strauss de Múnic, actividade pedagóxica que compaxina coas clases maxistras que imparte en distintos países.

Concertos de cámara

Os alumnos do centro ofrecerán ademais dous concertos de cámara –de entrada libre para o público– os días 10 e 11 de maio ás 21:00 h no auditorio da EAEM, nos que executarán diferentes programas. Así, o luns 10 interpretarán o *Cuarteto nº 1 en re maior Op. 33*, de J. Haydn; o *Trío Pathétique en re menor*, de M. Glinka e o *Cuarteto de corda en fa maior Op. 96 Americano*, de A. Dvořák; en tanto que o martes 11 soarán o *Cuarteto de corda en sol menor Op. D 173*, de F. Schubert; o *Trío en mi menor Op. 67*, de D. Shostakovich, o *Cuarteto de corda en do menor nº 4 Op. 18*, de L.v. Beethoven e o *Cuarteto de cordas nº 7 Op. 108*, de D. Shostakovich.

NOVIDADES EDITORIAIS [EDIT]



Sopa de xarope de amora

Xosé A. Neira Cruz

Colección Biblioteca
Dramática Galega, nº 14
Editan: Agadic e Edicións Xerais de Galicia
ISBN: 978-84-453-4902-1
PVP: 13,50 €

Galardoada co IV premio Manuel María de literatura dramática infantil, *Sopa de xarope de amora* é unha comedia áxil e divertida, protagonizada por personaxes estrambóticos que actualizan algún dos tradicionais contos de fadas creando una atmosfera que estimula a imaxinación.



Ao Vivo Música

Agadic / Nº 6 / maio 2010
Edición non venal

Ao Vivo Música chega ao seu sexto número cunha portada dedicada a Triángulo de Amor Bizarro, un dos grupos galegos con maior repercusión no panorama *indie* estatal, no inicio da xira de presentación do seu segundo disco, *Año santo*. Os festivais de verán en Galicia, o concerto homenaxe a Radio Océano, os particulares sons da zanfona de b0n0v0 ou o Pub Gatos de Melide atópanse tamén entre os contidos destacados desta nova entrega. *Ao Vivo Música* distribúese de xeito gratuíto nos locais da Rede Galega de Música ao Vivo.

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

* Un mes dende a formalización dos préstamos obxecto de subsidio e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro de 2010. Para os préstamos formalizados antes da publicación desta convocatoria, o 30 de abril.

** Para os espectáculos distribuídos entre o 1 de novembro de 2009 e o 31 de marzo de 2010, o prazo finalizou o 30 de abril. No caso dos distribuídos entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2010, as solicitudes presentaranse ata o 31 de maio. Para o resto, o prazo finaliza o 31 de outubro.

*** Para as actividades realizadas entre o 1 de novembro de 2009 e o 31 de marzo de 2010, o prazo finalizou o 30 de abril. No caso das realizadas entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2010, as solicitudes presentaranse ata o 31 de maio. Para o resto, o prazo finaliza o 31 de outubro.

Convocatorias	Contido	Dirixido a	Data límite
Subvencións da AGADIC ás industrias culturais 2010 (DOG nº 61 de 31 de marzo de 2009)	B. Crédito-Cultura	Empresas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de produtos ou servizos de consumo cultural, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia.	31 de outubro*
	D. Distribución D.1. Distribución exterior	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais, con sede social ou establecemento permanente en Galicia.	31 de outubro**
	D.2. Asistencia a feiras e outras plataformas de distribución	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas á actividade de produción e distribución de bens ou servizos culturais, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia, para a asistencia a feiras ou mercados culturais.	31 de outubro***
Subvencións da AGADIC ao sector audiovisual 2010	Desenvolvemento e produción de contidos interactivos en lingua galega (DOG nº 65 de 8 de abril)	Persoas físicas ou xurídicas constituídas legalmente como empresas, con sucursal ou oficina permanente en Galicia.	8 de maio
	Desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega (DOG nº 73 de 20 de abril) A. Longametraxes de ficción B. Longametraxes documentais C. Películas para televisión D. Formatos innovadores para televisión E. Pilotos de series de animación para televisión	Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes, con sucursal ou oficina permanente en Galicia cando menos dende hai dous anos.	20 de maio
	Creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego (DOG nº 76 de 23 de abril) A. Escrita individual de guión B. Curtametraxes en soporte dixital C. Curtametraxes experimentais D. Longametraxes en soporte dixital	Todas as persoas físicas residentes en Galicia (ou nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea) cando menos dende hai un ano.	24 de maio
	Producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural (DOG nº 86 de 7 de maio) 1. Longametraxes (cinematográficas –animación, ficción ou documental–, opera prima, películas para televisión) 2. Longametraxes documentais (de creación e de difusión cultural)	Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes, domiciliadas cando menos dende hai un ano en Galicia (ou nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea).	7 de xuño
	Amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográficas, telefilmes e documentais de interese cultural galego (DOG nº 66 de 9 de abril)	Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes con sede, sucursal ou oficina permanente en Galicia.	15 de setembro
RGTA e RGS. Prazos de programación para o segundo semestre de 2010	Ábrese do 3 ao 20 de maio o prazo de preprogramación e do 25 de maio ao 8 de xuño o de programación definitiva para o segundo semestre de actividade da Rede Galega de Teatros e Auditorios. No caso da Rede Galega de Salas, o prazo de programación esténdese do 3 de maio ao 8 de xuño.	Espazos adscritos á RGTA e RGS. O trámite realízase a través da intranet de www.galescena.info	8 de xuño

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatorias	Contido	Dirixido a	Data límite
EAEM. Curso de composición	O mestre Antón García Abril impartirá unha nova edición deste curso, que se desenvolverá dende outubro de 2010 a xullo de 2011 (unha sesión ao mes) na sede da Escola de Altos Estudos Musicais en Santiago. As clases centraranse en técnica compositiva, orquestración, corrección de obras e análise.	A inscrición e a matrícula debe formalizarse a través da páxina web www.eaem.es , enviando ademais o currículo do solicitante e, de xeito opcional, unha obra de composición orixinal. Aceptarase un máximo de 12 alumnos activos e, no caso de que o número de solicitudes supere o de prazos dispoñibles, a organización seleccionará os participantes de acordo coa documentación achegada.	8 de xuño
Premios da AGADIC á creación literaria no eido dramático (DOG nº 49 de 12 de marzo de 2010)	XIX Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais (Dotación económica: 6.000 €)	Textos teatrais inéditos, escritos en galego conforme á normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos. Máis información: www.agadic.info/servizos	11 de xuño
	V Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil (Dotación económica: 6.000 €)	Textos teatrais inéditos dirixidos a público infantil, escritos en galego conforme á normativa vixente e non representados nin premiados noutros concursos. Máis información: www.agadic.info/servizos	
	VIII Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. Dúas modalidades: rapaces e adultos (Dotación económica: 6.000 € por modalidade)	Textos inéditos para teatro de monicreques, escritos en galego conforme á normativa vixente e non representados nin premiados noutros concursos. Máis información: www.agadic.info/servizos	
V Premio Abrente para Textos Teatrais	O Concello de Ribadavia, a través da Mostra Internacional de Teatro, convoca este galardón coa intención de incentivar a creación dramática en galego. O premio está dotado con 3.000 € e contempla tamén a edición do texto gañador.	Obras teatrais inéditas e non premiadas, escritas en galego e de extensión libre. Máis información: www.mitribadavia.com/premios	1 de xullo

Outras convocatorias de interese:

- Deputación da Coruña: www.dicoruna.es/cultura/premios/
- Consorcio Audiovisual de Galicia: www.consorcioaudiovisualdeg Galicia.org
- Academia Galega do Audiovisual: www.academiagalegadoaudiovisual.com
- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA): www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html
- Redescena: www.redescena.net
- Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

REXISTRO DE DATOS XANEIRO 2010 [E_SCENA EN CIFRAS]

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Produccións con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
Santiago	As actas escuras	12	159,00	628,83 €

SALÓN TEATRO

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
CDG	As actas escuras	12	159,00	628,83 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarárá Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
<i>Valdemuller</i> (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
<i>Estigma</i> (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
<i>Kiosco das almas perdidas</i> (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	105	14.423	53,73%	70.929,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	18	3.669	81,86%	18.895,00 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	12	2.248	46,81%	5.596,90 €
<i>As Dunas</i> (CDG)	30	4.476	35,83%	24.853,95 €
<i>Giseliña</i> (CCG)	23	6.869	56,04%	14.972,90 €

TOTAL ACUMULADOS 2009

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	12	1.909	59,58%	7.546,00 €
As actas escuras (CDG)	12	1.909	59,58%	7.546,00 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Abada Teatro	3	355,33	2.390,33 €
Ancora Producións	1	113,00	161,00 €
Berrobambán	5	267,00	546,80 €
Caramuxo Teatro	3	282,00	569,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea - Ballet Jesús Quiroga	1	396,00	2.242,00 €
Fulano, Mengano e Citano	1	100,00	294,00 €
Galitoon	2	96,00	177,75 €
Ghazafelhos	1	140,00	165,00 €
Lagarta Lagarta	2	144,50	511,75 €
Mago Martlyn	1	106,00	288,00 €
Matarile Teatro	2	119,00	662,00 €
Miroscopio Perdicións	1	43,00	129,00 €
O Retrete de Dorian Gray	4	62,50	107,75 €
Producións Acontrabutaca	2	173,50	570,25 €
Producións Teatráis Excéntricas	2	475,00	3.287,05 €
Róber Bodegas	3	474,67	1.994,50 €
Sarabela Teatro	4	196,00	1.685,50 €
Talia Teatro	4	253,25	852,00 €
Teatro de Ningures	3	84,00	131,42 €
Teatro do Andamio	1	175,00	384,00 €
Teatro do Atlántico	4	248,00	1.995,75 €
Teatro do Morcego	3	318,00	898,67 €
Títeres Trompicallo	3	122,00	194,83 €
Uxia P. Vaello	1	24,00	82,00 €
Víravolta Títeres	5	172,80	233,60 €

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	8	281,25	1.707,13 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	1	836	3.633,50 €
A Rúa	1	101	297,00 €
Ames	3	64	118,08 €
Arteixo	4	168,5	358,13 €
As Pontes de García Rodríguez	1	160	236,00 €
Boiro	2	119	180,75 €
Cambados	3	186,67	230,00 €
Cangas de Morrazo	3	318	898,67 €
Carballo	1	338	1.100,00 €
Cedeira	1	95	230,00 €
Ferrol	5	124,6	738,60 €
Foz	2	213	242,50 €
Monforte de Lemos	1	87	188,00 €
Muros	2	94	273,00 €
Narón	2	441	2.925,50 €
O Barco de Valdeorras	1	106	504,00 €
O Carballiño	1	129	416,50 €
Ortigueira	1	250	1.250,00 €
Ourense. Teatro Principal	3	182,67	1.785,33 €
Ourense. Auditorio Municipal	3	132,33	220,33 €

Pontevedra	4	301,5	579,38 €
Ribadavia	1	183	519,50 €
Ribadeo	1	138	260,00 €
Sada	2	271	791,75 €
Santiago de Compostela	2	119	662,00 €
Vigo. C.C. Caixanova	1	762	5.232,11 €
Vilagarcía de Arousa	1	113	161,00 €
Viveiro	1	43	129,00 €

TOTAIS RGTA

(ATÉ XANEIRO)	2006	2007	2008	2009	2010
Funcións	27	44	63	49	62
Público	5.513	6.302	10.566	6.994	13.259
Ocupación	52,77%	38,84%	43,63%	36,66%	51,56%
Facturado	10.590,00 €	17.380,56 €	31.670,38 €	17.478,50 €	55.165,00 €

REDE GALEGA DE SALAS

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Arteria Noroeste (Santiago)	1	130	498,00 €
Sala Nasa (Santiago)	3	48,67	140,00 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	10	14,2	114,00 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	3	39,67	149,33 €
Teatro Ensalle (Vigo)	3	22,67	152,00 €

TOTAIS RGS

(ATÉ XANEIRO*)	2008	2009
Funcións	12	20
Público	481	605
Ocupación	76,63%	63,75%
Facturado	2.405,00 €	2.962,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
Aló Django	2	61,5	243,50 €
Bakin'blues Band	2	27,5	75,00 €
Belöp	1	122	300,00 €
Bruno T. Ford	1	40	75,00 €
Capitán Furllo	1	27	81,00 €
Cró!	1	12	60,00 €
Dúo Fdz. & Quintá	1	60	180,00 €
Holywater	2	64,5	278,50 €
Igloo	4	95,75	320,50 €
Ith	1	97	261,00 €
José Córdoba	1	43	129,00 €
Martynoz	1	75	375,00 €
Mbm	1	60	348,00 €

Miguel Costas	3	40	243,67 €
Miñor Swing	1	41	123,00 €
Monkillos	2	26,5	79,50 €
Moon Cresta	1	60	180,00 €
Moonjackets	1	35	90,00 €
Por Placer	1	42	210,00 €
Portrait	2	84,5	387,00 €
Recambios Tucho	1	3	57,00 €
Rockers Go To Hell	1	85	219,00 €
The Homens	1	92	430,00 €
The Last Minute Experience	2	39	147,00 €
The Soul Jacket	2	99	437,50 €
The W.C. García Show	3	22,67	51,00 €
Tiempocuatro	1	88	400,00 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Fundación (Melide)	1	30	60,00 €
Aturuxo (Bueu)	2	60	269,00 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	1	27	81,00 €
Badulake (Ordes)	1	37	111,00 €
Bar Liceum (O Porriño)	1	40	75,00 €
Borriquita de Belém (Santiago)	1	48	144,00 €
Casa das Crechas (Santiago)	2	63	184,50 €
Clandestino (Nigrán)	1	41	123,00 €
Contrabajo (Vigo)	3	38	173,00 €
Doble Moral (Lugo)	2	4	153,50 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	1	60	180,00 €
Garufa (A Coruña)	1	85	219,00 €
La Casa de Arriba (Vigo)	4	45,25	226,25 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	2	77,5	296,00 €
La Galeríajazz (Vigo)	2	25	105,00 €
La Iguana Club (Vigo)	3	116,33	455,00 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	1	43	129,00 €
Planeta (Sarria)	1	117	246,00 €
Pub o Muíño (Cervo)	1	44	132,00 €
Pub Gatos (Melide)	1	97	261,00 €
Sala 600 (Melide)	2	85	425,00 €
Sala Karma (Pontevedra)	1	92	552,00 €
Sala Run Rum (Ferrol)	2	56	221,00 €
Sama Sama (Vilagarcía de Arousa)	1	129	351,00 €
Ultramarinos (Santiago)	2	24	64,50 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	1	35	90,00 €

TOTAIS RGMV

(ATÉ XANEIRO)	2008	2009	2010
CONCERTOS	60	65	41
PÚBLICO	3.588	3.211	2.358
OCUPACIÓN	42,56%	39,16%	50,18%
FACTURADO	11.294,00 €	11.293,00 €	8.980,00 €

* Mes sen programación en anos anteriores